

# GUÍA DIDÁCTICA

*Aí falaches!*

MATERIAIS ELABORADOS DURANTE UNHA  
LICENZA POR FORMACIÓN

CURSO 21/22

Juan Carlos Montejano Rivas  
María do Pilar Buela Piedra

# 1.-OBXECTIVOS

## **1.- Obxectivos de Lingua galega e literatura**

- a) Contribuír desta forma ao deseño de materiais que permitan un tratamento integrado de linguas e materias non lingüísticas (CLIL)
- b) Traballar tanto a expresión como a produción oral e escrita (destrezas básicas) en lingua galega
- c) Compoñer textos narrativos e dialogados, orais e escritos, en lingua galega.
- d) Introducir un moi necesario traballo coa lingua oral, en ocasións cunha menor presenza cá lingua escrita dentro das aulas.
- e) Introducir e analizar o concepto da variación interna das linguas e as súas manifestacións.
- f) Introducir dun xeito aplicado o concepto das propiedades textuais, en concreto a adecuación do texto elaborado ao contexto de uso. Deste xeito, non se descoidará a necesaria dimensión pragmática da lingua, tan necesaria para artellar a lingua en contexto de uso.

## **2.- Obxectivos de Xeografía e Historia:**

- g) Caracterizar os diferentes espazos xeográficos galegos que o home foi creando coas súas accións, poñendo especial relevancia nas transformacións dos espazos rurais, a través da análise da evolución das paisaxes naturais e da explotación agrícola.
- h) Sinalar as características específicas do espazo xeográfico galego, comentando mapas temáticos relativos á explotación agrícola e á meteoroloxía.
- i) Coñecer os aspectos básicos do patrimonio inmaterial, histórico e cultural galego usando como ferramenta a xeolocalización de construcións tradicionais do concello de Valga.
- k) Identificar e analizar as interrelacións existentes entre os feitos económicos, sociais, políticos e culturais que condicionan a traxectoria de Galicia, así como o papel que os individuos e os grupos desempeñan nela.
- l) Caracterizar os diferentes espazos a partir do estudo das actividades económicas que se relacionen con actividades do sector primario.

### **3.- Obxectivos de Bioloxía e Xeoloxía**

- m) Fomentar o coñecemento dos alimentos tradicionais galegos, os seus principais nutrientes e a súa contribución a hábitos nutricionais saudables.
- n) Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.
- ñ) Recoñecer os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado e valorar a súa importancia na conservación deste.
- o) Identificar os compoñentes dos distintos aparellos e sistemas que conforman o corpo humano e coñecer o seu funcionamento.

### **4.- Obxectivos que gardan relación coas novas tecnoloxías:**

- p) Contribuír ao desenvolvemento de materiais dixitais que poidan ser usados na aula como ferramenta de traballo e que non requiran un alto grao de coñecementos técnicos.
- q) fometar o coñecemento e uso de determinadas aplicacións e páxinas web entre o alumnado para elaborar as tarefas propostas.

## **2.-ASPECTOS CURRICULARES**

### **1.- Contidos lingüísticos**

- a) Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- b) Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.
- c) Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

d) Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

e) Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.

f) Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

## **2.- Contidos de Xeografía e historia**

g) Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.

h) Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.

i) Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.

k) Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.

l) Recursos naturais e actividades agrarias.

m) A globalización económica: concepto e características.

n) Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.

## **3.- Contidos de Bioloxía e xeoloxía.**

ñ) Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.

o) Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.

p) Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.

q) Sistemas de clasificación dos seres vivos.

### 3.- METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Baseándose na metodoloxía que se propón dende o propio currículo, tanto de Lingua e literatura galegas como de Xeografía e historia e Bioloxía e Xeoloxía, propoñemos os seguintes criterios metodolóxicos:

- *Buscar a maior significatividade posible do aprendido*, partindo daqueles contidos máis cercanos á propia realidade do alumnado: tomarase como referencia a lingua oral popular que escoitan nas súas casas e aos seus familiares e veciños, propoñeremos exemplos de arquitectura tradicional ou cultivos da súa contorna...
- Buscarase unha *participación moi activa por parte do alumnado* nas actividades propostas, tanto a través de traballos individuais como grupais. Propoñeránselle composición de guións e dramatizacións onde se utilice a fraseoloxía traballada.
- A *comparación* será outro dos principios metodolóxicos: elaborar e comparar mapas, elaborar e comparar diferentes dietas, comparar textos de distintos tipos (estilo directo/ estilo indirecto), comparar con exemplos da fraseoloxía do castelán...
- Traballarase con textos pertencentes a medios de comunicación ou textos con gravacións orais. Esta medida obedece ao *principio metodolóxico da utilización de materiais auténticos ou o máis versosímiles posibles*, de xeito que non se produza un salto insalvable entre o espazo da aula e a sociedade que os rodea.
- Presentación e análise de textos que poidan servir como *modelos* das súas composicións, *deducindo destes os contidos lingüísticos necesarios*.
- Máxima coordinación entre os profesores implicados na implementación do material, de xeito que o alumnado perciba que se trata dun traballo interdisciplinar e que a súa formación sobre un tema se pode presentar dende varias perspectivas complementarias. O principio metodolóxico básico que subxace é a *superación das materias-estanco e a percepción do saber como algo integrado*. Esta característica fai que o material poida ser moi acaído para traballar con ámbitos en cursos como PMAR (Programa de Mellora do

Aprendizaxe e do Rendemento), Programas de Diversificación Curricular ou a FP Básica.

- Combinarase o traballo grupal grazas á utilización das pantallas interactivas das aulas, co traballo individual a través do manexo ben de ordenadores ou de teléfonos móbiles persoais.
- Pensando no traballo individual, propóranse exercicios autocorrectivos aproveitando tanto as posibilidades dos propios ideices de Exelearning, como a integración doutras ferramentas externas que permitan esta posibilidade. Por exemplo: propórase a elaboración de viñetas de banda deseñada onde se exemplifique ben o contexto de uso dos distintos fraseoloxismos, para isto empregáranse ferramentas gratuítas que permiten este deseño a través da web tales como Pixton, ou ben a gravación e subtitulado/dobrase de vídeos con ferramentas tales como Chatter Pix ou Avid Pro Tools.

## 4.-ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN

En primeiro lugar, e funcionando como soporte das actividades posteriores, o traballo inclúe *apartados teóricos breves e sinxelos* que describen os conceptos fundamentais que se manexan ao longo do traballo. Comézase cunha breve definición do que se entende por fraseoloxismo (concepto principal de *Aí falaches!*) e, logo, en cada un dos seis campos semánticos fundamentais, existe unha introdución que inclúe información básica. Recoméndase polo tanto a presentación previa dentro da aula, a lectura atenta e comprensión destes apartados antes da realización das actividades das diferentes seccións.

En segundo lugar, aparecen as actividades que teñen que ver cos fraseoloxismos propiamente ditos. En todas as seccións se insiren exemplos de varios tipos que cómpre visualizar/ escoitar co alumnado porque procuran, en todos os casos, introducir un *contexto de uso apropiado* a cada un dos fraseoloxismos, o cal redunda na súa mellor comprensión. Trátase de exemplos de tres tipos fundamentalmente: audios (unha persoa

explica o fraseoloxismo e pon un exemplo), conversas (varias persoas conversan e introducen o fraseoloxismo) e cómics onde algún dos personaxes utiliza un.

O traballo propón un total de 61 actividades distribuídas do seguinte xeito:

-En cada campo semántico no apartado ACTIVIDADES insírense exercicios que gardan relación *con contidos específicos de cada un deles* : 6 en *Meteoroloxía*, 7 en *Sector primario*, 8 en *Construcións tradicionais*, 8 en *Animais*, 7 en *Alimentos* e 6 en *Corpo humano*.

- Na sección *Actividades de fraseoloxía* concéntrase os *exercicios que teñen que ver con fraseoloximos*, divididos em tres subseccións segundo a ferramenta empregada para a súa elaboración: 7 com Exe Learning, 3 com Genially e 9 com Educaplay.

Por último, na sección PARA SABERMOS MÁIS inclúese información adicional que profundiza nos contidos vistos de cada un dos campos semánticos tratados.

## 5.-RECURSOS DE AVALIACIÓN / RETROALIMENTACIÓN

Propoñemos, pois, un total de 61 exercicios/actividades que se elaboran utilizando tres ferramentas distintas. Procurouse, no seu deseño, manter a máxima variación posible mesturando información, reflexión, comparación, dedución, relación, selección....

Tanto Exe-Learning como Educaplay e Genially permiten a retroalimentación do resultado dos exercicios inmediatamente despois da súa realización con mensaxes simples do tipo *Correcto/ Incorrecto* ata outras máis elaboradas.

No caso das audicións, a retroalimentación partirá fundamentalmente do profesorado.